



CIRCULAR DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN DA INACTIVIDADE DAS EMBARCACIÓNS QUE PARTICIPAN NUN PLAN DE XESTIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS POR CAUSAS COXUNTURAIS

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia regula no artigo 42 a explotación dos recursos específicos, establecendo que se realizará por modalidades, e que requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións contempladas no artigo 39º da lei e participar nun plan de xestión.

Os plans de xestión de marisqueo regúlanse na sección 5ª do capítulo II do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establecendo que conterán medidas de conservación e explotación dos recursos durante un período de tres anos para unha explotación sustentable destes nunha zona determinada, e que incluírán obxectivos xerais e operacionais biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos, con niveis de referencia e indicadores para o seguimento.

O permiso de explotación para recursos específicos establécese no capítulo IV do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, e nos capítulos II e III da Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A renovación das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións realízase cada 3 anos e lévase a cabo segundo o calendario establecido polos Departamentos Territoriais da Consellería do Mar.

O artigo 32.1.c) da Orde de 30 de decembro de 2015 establece que a renovación das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación requirirá de ter realizado actividade suficiente nos 3 anos naturais anteriores, establecendo diferentes porcentaxes en función do número de modalidades de recursos específicos dispoñibles no permiso de explotación das embarcacións.

Ligada á renovación da modalidade, axústase o número de cotas de captura das embarcacións cando o cálculo do esforzo pesqueiro se fai en función das persoas tripulantes, de conformidade co establecido no artigo 32.3 de dita orde.

Por outra banda, no mesmo artigo establécese que as entidades asociativas xustificarán a inactividade das embarcacións ou tripulacións cando se deba a causas conxunturais, entre elas as relacionadas coa produción ou con causas organizativas.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dous Irmandiños, s/n. Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléfono 981 546 177 – Fax 981 546 138

cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



Cando o seguimento da explotación evidencie que non se garante a saúde dos stocks explotados e que foi necesaria a adopción de medidas de xestión de redución do esforzo pesqueiro, considerase que estamos ante unha causa conxuntural de carácter produtivo. Neste caso a explotación sustentable do recurso pode verse afectada polo requisito de que as embarcacións teñan que realizar unha actividade mínima para a renovación das modalidades e mantemento das cotas de captura, cando compre que non exista sobreesforzo pesqueiro.

Por outra banda, poden existir causas conxunturais organizativas que afecten aos métodos de traballo e que limiten ou dificulten a actividade marisqueira das embarcacións.

Cómpre ditar instrucións para que os departamentos territoriais, en calquera momento de vixencia dos plans de xestión, poidan aceptar a xustificación da inactividade do conxunto de embarcacións que participan nun plan de xestión de recursos específicos por causas conxunturais de carácter produtivo ou de carácter organizativo debidamente xustificadas.

O anterior sen prexuízo de que cando os departamentos territoriais tramitan o procedemento para a renovación das modalidades para o seguinte trienio, tamén apliquen o establecido na 32.5 da Orde de 30 de decembro de 2015 nese momento.

O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 58, de 26.03.2021), atribúelle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro as competencias da ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación e a protección e xestión sostible dos recursos marisqueiros.

A Disposición derradeira primeira da orde de 30 de decembro de 2015, autoriza á persoa titular da dirección xeral competente en materia de marisqueo para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Polo exposto, e en función de causas conxunturais no marco dun plan de xestión de recursos específicos, os departamentos territoriais acordarán que se acepta a xustificación da inactividade das embarcacións participantes á efectos da renovación da modalidade concreta para o seguinte trienio incluída a revisión das cotas de captura, tendo en conta o seguinte:

1. Causas conxunturais de inactividade das embarcacións participantes nun plan de xestión a efectos do artigo 32.5 que as entidades asociativas poden xustificar en calquera momento durante a vixencia dun plan de xestión.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dous Irmandiños, s/n. Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléfono 981 546 177 – Fax 981 546 138

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



a) Causas relacionadas coa produción:

Evolución negativa da saúde dos stocks explotados baseado en indicadores de seguimento ou resultados das mostraxes de avaliación do recurso que implicaron a adopción de medidas de xestión para reducir o esforzo pesqueiro.

A xustificación basearase en:

1º Seguimento de indicadores relacionados coas capturas: evolución das CPUE, evolución do esforzo, acumulación de capturas, tamaño medio das capturas e da porcentaxe de exemplares de tamaño non comercial das mesmas, entre outros. Teranse en conta os datos de seguimento do plan de xestión dos últimos 5 anos.

2º Seguimento dos indicadores dos obxectivos biolóxicos relacionados coa saúde dos stocks do plan de xestión.

3º. Avaliacións do recurso, no seu caso.

Asemade, deberán indicarse as medidas de xestión adoptadas para reducir o esforzo pesqueiro, entre elas, o establecemento de vedas, a redución das cotas de captura, e a redución do número de días de traballo.

b) Causas organizativas que afecten aos métodos de traballo e que limiten ou dificulten a actividade marisqueira das embarcacións participantes, entre outras:

Establecemento a nivel interno de limitacións na participación das embarcacións nas xornadas de extracción co obxecto de acadar melloras na comercialización dos recursos. Isto pode afectar a un plan de xestión dun recurso concreto ou a varios plans de xestión que compartan embarcacións participantes.

2. Procedemento de xustificación da inactividade:

a) A entidade titular do plan de xestión de recursos específicos presentará solicitude motivada das causas conxunturais de carácter produtivo ou organizativo que xustifiquen a inactividade das embarcacións participantes nun plan de xestión na renovación da modalidade no seguinte trienio. A solicitude estará ratificada pola agrupación sectorial, no caso de estar constituída.

No caso de causas produtivas a solicitude estará avalada por informe biolóxico do seu persoal técnico sobre o estado do recurso así como polas medidas de xestión de redución do esforzo adoptadas no plan de xestión aprobado, mediante adaptacións ou resolucións de apertura.



No caso de causas organizativas a solicitude estará avalada polos correspondentes acordos, informes e xustificacións que acrediten as mesmas.

As solicitudes tamén motivarán o período de tempo durante a cal se prevé que se manteñan as causas.

Se o plan de xestión é titularidade dunha única entidade a solicitude de adaptación deberá estar asinada polo representante legal da entidade.

No caso de plans de xestión conxuntos de varias entidades, a solicitude deberá vir asinada por todos os representantes legais das entidades participantes ou polo representante legal da entidade que figure como representante do plan.

O departamento territorial poderá realizar un requirimento de emenda e mellora da solicitude de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

b) O departamento territorial resolverá sobre a aceptación da xustificación solicitada e comunicará a mesma ás entidades titulares dos plans de xestión e ao Servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros.

O período de tempo polo que se pode aceptar a xustificación da inactividade estará determinado en función da duración das causas tendo como límite o 31 de decembro do último ano natural que compute para a renovación.

As entidades asociativas estarán obrigadas a comunicar a interrupción das causas conxunturais, considerándose que xa non está xustificada a inactividade dende o día seguinte á data de recepción da comunicación.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro